

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 8 DE

XUÑO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día oito de xuño de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do GM (PG); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López, dona M^a Jesús Vieites Mariñas e dona Carmen Tato Lago, concelleiros non adscritos.

Non asiste, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 4 de marzo, sesión extraordinaria do día 25 de marzo, sesión ordinaria do día 31 de marzo, sesión extraordinaria do día 20 de abril, sesión extraordinaria do día 25 de abril, sesión ordinaria do día 28 de abril e sesión extraordinaria do día 20 de maio de 2011

En aplicación do disposto no art. 39.1 do Regulamento orgánico municipal respecto da aprobación das actas das últimas sesións, o Sr. alcalde pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas das sesións de referencia.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 4 de marzo, sesión extraordinaria do día 25 de marzo, sesión ordinaria do día 31 de marzo, sesión extraordinaria do día 20 de abril, sesión

extraordinaria do día 25 de abril, sesión ordinaria do día 28 de abril e sesión extraordinaria do día 20 de maio de 2011.

A continuación, toma a palabra o Sr. alcalde, e manifesta que agradece aos compañeiros que teñen formado parte desta corporación, e das anteriores, o seu traballo. Tamén agradece aos compañeiros do equipo de goberno, principalmente ao BNG, ao Sr. Iglesias Oviedo, a súa colaboración para que puideran rematar esta lexislatura cun equipo máis ou menos uniforme, pero traballando e atendendo á xente, como non podía ser doutra maneira.

Tamén quere aproveitar para agradecer aos funcionarios e traballadores do concello, que cando el entrou hai 32 anos eran catro e agora son case douscentos, a súa dedicación. Quere dicirlles aos compañeiros que veñan á próxima corporación que teñen uns funcionarios modelo, moi profesionais, grandes traballadores e, dende logo, pode dicirlles que se teñen a lealdade que tiveron con el, esta é unha grande empresa, porque son boa xente.

Tamén agradece á Sra. interventora e á Sra. secretaria o seu traballo na mellor coordinación dos plenos e, sobre todo, dende a súa posición de alcalde, a boa coordinación e os bos traballos, porque el sempre tivo o seu asesoramento, bo, fiel, noble, e sobre todo moi respectuoso coas súas decisións.

Conclúe despedíndose e dando a en hora boa á nova corporación, deseándolles aos que non van formar dela o mesmo, moita saúde, unha boa vida. El, a partir do venres, remata, aínda que virá o luns a ver o alcalde que saia, porque cre que a delicadeza está aí, e, para o que queira ,o novo alcalde pode chamalo, e despachará con el. Di que desexa que se faga un traballo coordinado e sempre mirando cun único obxectivo que teñen que ter, o único punto de vista, que é mirar polo mellor para Cambre. Di que se fan iso, teñen gañada á xente que lles votou nesta lexislatura.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que dende o seu grupo lle queren desexar boa sorte a todos os compañeiros que non van seguir na vida política, boa sorte tanto na súa andadura laboral como familiar. Tamén desexa boa sorte aos concelleiros entrantes, xa que vai en interés de todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que quere reiterar o que dixo no último pleno ordinario e desexar a todas as persoas que non repiten na nova corporación que gocen dese dereito universal a ser moi felices e que teñan moitos éxitos na súa futura andadura.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que lle quere desexar sorte a todos os compañeiros e compañeiras que estiveron aquí traballando. El leva 24 anos aquí e traballou como compañeiro do Sr. alcalde 20 anos, con todo o interese e todas as ganas de mellorar na medida do posible Cambre. Despois, nestes últimos catro anos tiveron os problemas que tiveron, pero cre

que non pasa nada, pensa que son todos veciños, e que teñen que seguir tendo esa amizade que tiñan, con independencia de que politicamente tiveran un problema.

Conclúe desexándolles a todos os que se van sorte nos seguintes anos, e aos que seguen e aos novos que veñen, xa se verán aquí.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, felicita ao Sr. alcalde porque, a pesar das discrepancias políticas que puideran ter, el cre que é un mérito ter sido alcalde durante tantos anos nun concello como Cambre, e ademais porque iso foi o que quixeron os veciños deste concello. El está seguro de que a partir do vindeiro sábado o Sr. alcalde vai vivir moito mellor, e seguro que vai poder desfrutar moito mellor da familia, dos amigos, e desas partidas de tute e dominó que seguro que lle están agardando, e moitas que ten aprazadas.

Aos demais compañeiros de corporación que están aquí presentes e que van deixar de ser compañeiros de corporación, que non deixar de ser amigos, desexarlles moito éxito e moita sorte no futuro.

Concedida a palabra a dona Carmen Tato Lago, concelleira non adscrita, manifesta que para ela foi un honor e un placer ter compartido con todos eles estes catro anos. Á parte dalgunha rabecha que outra que se levou, porque evidentemente non todo é vida e dulzura, senón que a política ten momentos que te fan sentir moi feliz, pero que evidentemente tamén ten momentos amargos, e iso é o que forma parte da política, e pensa que os que non formaron parte dela, e se van incorporar agora, van ter que vivilo e pasalo.

Quere dicir que para ela foi moi grato ter estado con todos eles, e dexésalles moitísima sorte a todos, tanto aos que pasan a formar parte da nova corporación como aos que dalgunha maneira, como ela, se incorporan ao seu traballo e á súa vida como cidadáns de a pé.

Deséxalle moita sorte ao novo alcalde Manuel Rivas, e a toda a súa corporación, tamén ao compañeiro Marante, do Partido Galeguista e, como non, a mellor sorte, co seu mellor cariño e dedicación destas palabras, as quere dar ao seu alcalde, Antonio Varela, que o vai ser sempre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro non adscrito, manifesta que se dirixe ao Sr. alcalde por última vez nesta corporación. Nesta ocasión é cando se pode dicir aquilo de xa está todo dito, porque el vaise naturalmente a sumar a todos os bos desexos, aos agradecementos e ás felicitacións, pero tamén quería, en nome dos seus compañeiros, dicirlle ao Sr. alcalde que foi un auténtico pracer compartir con el todos estes anos, tanto na oposición como tamén no goberno. Dicir que a pesar do que se fala dos bipartitos, das disensións, das disputas ou dos conflitos, iso non é certo, tanto na anterior lexislatura, como na metade ou case metade desta lexislatura, dende logo non foi nin a discrepancia, nin o conflito, nin o desencontro o que marcou o seu

traballo. Resolveron os problemas que houbo, como podería ter calquera persoa na casa ou na súa familia, esa foi unha boa maneira de traballar, seguramente a imaxe que se ten dado de como funcionaba esta corporación nos últimos anos foi outra, pero os que estaban dentro sabían perfectamente que non era así, e iso foi tamén en boa parte pola vontade de todos, pero sobre todo por quen dirixiu o equipo, que foi o Sr. alcalde.

Di que quere felicitar á nova corporación e que agradece os bos desexos que tiveron para os que van deixar este traballo, pero sobre todo quere facer forza en felicitalos e desexarlles sorte a eles, porque os que a necesitan son os novos rexedores que vai ter esta corporación, os novos concelleiros e concelleiras que van a sentarse nesta sala, e sobre todo o novo equipo de goberno. Sinala que o di porque tamén lle interesa a el, porque se lle vai ben á corporación e se lle vai ben ao goberno, vailles ir ben a todos os veciños e veciñas que aquí en Cambre van seguir vivindo e van seguir traballando para que isto vaia mellor.

Engade que, por certo, a vida e a participación non se acaba neste salón de plenos, eles van seguir véndose en moitas máis cousas, todos, agarda que todos, pero dende logo os catro compañeiros en nome dos que el fala. Di que poden estar seguros de que eles van seguir participando activamente na vida social do concello, como o levan facendo moito antes de ser membros desta corporación. Aí se van ver para desfrutar dos éxitos que está seguro vai ter a nova corporación municipal de Cambre.

Conclúe dicindo que foi un auténtico pracer e que, dende logo, pasaron uns dos mellores anos da súa vida traballando para algo que querían e que lles interesaba moito, que eran os veciños e veciñas cos que compartiron a súa vida neste pequeno concello que é Cambre.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, quere agradecer ao Sr. alcalde que teña confiado nel estes catro anos, que lle teña permitido participar neste equipo de goberno e, despois, desexar sorte a todos os compañeiros, aos que se van e aos que se quedan, e á nova corporación, que teñan sorte e que fagan as cousas o mellor posible para Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia